

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA DE
EDUCACIÓN PRIMARIA.
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VILAVERDE- MOURENTE
NIVEL: 1º A 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA/ÁREA: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 3º TRIMESTRE

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (reforzo, repaso e recuperación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

PRIMEIRO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Buscar información facendo uso das TIC, seguindo as instrucións previas.	Utiliza medios tecnolóxicos para buscar información e comunicala, seguindo as instrucións previas.	CD , CAA
Demostrar un comportamento persoal e social responsable.	Participa activamente e con responsabilidade nas actividades propostas.	CSC, CAA, CSIEE
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan, así coma os condicionantes espazo-temporais	Realiza movementos coas diferentes partes do corpo. Adapta a resposta motriz ás características dos estímulos presentes nas actividades propostas e condicións espazo- temporais.	CAA, CSC, CSIEE
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	Reproduce corporalmente estruturas rítmicas indicadas. Práctica e realiza bailes e danzas culturais comunicando emocións e sensacións.	CCEC, CAA, CSC, CSIEE
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	Inicia a incorporación da actividade física á súa rutina diaria como axente de saúde para o benestar persoal.	CSC, CAA, CSIEE
Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas.	Practica xogos libres e xogos organizados con responsabilidade.	CCEE, CAA, CSC
Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	Realiza actividades no medio natural ou ao aire libre amosando respecto cara ao contorno.	CSC, CAA

SEGUNDO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD , CAA , CSIEE
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSC , CAA , CSIEE
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.	CAA , CSC , CSIEE
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Desprázase, salta, e equilibra o corpo de distintas formas, intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. Realiza habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación. Realiza xiros sobre o eixo lonxitudinal variando os puntos de apoio.	CSC , CCEE , CAA
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións	Reproduce corporalmente estruturas rítmicas indicadas. Práctica e realiza bailes e danzas comunicando emocións e sensacións.	CCEC , CSC , CAA
Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	Incorpora á súa rutina diaria a actividade física como axente de saúde.	CSC , CAA , CSIEE
Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas,	Practica xogos libres e organizados.	CCEE , CAA , CSC
Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.	Realiza actividades no medio natural.	CSC , CAA

TERCEIRO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD , CAA , CSIEE
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSIEE , CAA, CCEC, CSC
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices	Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices axeitadas no tempo e no espazo.	CAA , CSC , CSIEE
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Realiza desprazamentos, saltos, manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) e xiros en diferentes tipos de contornos. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais.	CSC , CCEC , CAA, CSIEE
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Reproduce corporalmente estruturas rítmicas indicadas. Práctica e realiza bailes e danzas comunicando emocións e sensacións.	CCEC , CSC , CAA
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	CSC , CAA , CSIEE
Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	CAA , CSIEE , CSC
Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais seguindo as regras básicas.	CSC , CAA

CUARTO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	CD , CAA
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e ás outras persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSIEE , CAA , CCEC
Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.	CAA , CSC , CSIEE
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Realiza desprazamentos, saltos, manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) e xiros en diferentes tipos de contornos. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais.	CSC , CAA , CSIEE CSC , CAA
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Reproduce corporalmente estruturas rítmicas indicadas. Práctica e realiza bailes e danzas comunicando emocións e sensacións.	CCEC , CSC , CAA
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde	CSIEE , CAA CSC , CAA
Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos.	Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	CAA , CSIEE , CSC
Coñecer, a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas.	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais seguindo as regras básicas.	CCEE , CAA , CSC

QUINTO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD , CAA
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSIEE , CAA , CCEC
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Realiza desprazamentos, saltos, manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) e xiros en diferentes tipos de contornos. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais.	CSC , CCEC , CAA , CSIEE
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais. Coñece e leva a cabo bailes e danzas, seguindo unha coreografía básica.	CCEC , CAA , CSC , CSIEE
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..	CSC , CAA , CSIEE
Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos.	Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	CAA , CSIEE , CSC
Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais seguindo as regras básicas.	CCEE , CAA , CSC

SEXTO DE PRIMARIA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	COMPETENCIAS
Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área.	Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.	CD , CAA
Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e as demais persoas nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo	Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.	CSIEE , CAA , CCEC
Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	Realiza desprazamentos, saltos, manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) e xiros en diferentes tipos de contornos. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. Realiza actividades físicas e xogos no medio natural ou en contornos non habituais.	CSC , CCEC , CAA , CSIEE
Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais. Coñece e leva a cabo bailes e danzas, seguindo unha coreografía básica.	CCEC , CAA , CSC , CSIEE
Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo.	Recoñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias..	CSC , CAA , CSIEE
Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos.	Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	CAA , CSIEE , CSC
Coñecer e poñer en práctica a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas.	Realiza distintos xogos e deportes tradicionais seguindo as regras básicas.	CCEE , CAA , CSC

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado.- Análise das producións solicitadas ao alumnado (representacións, fotos, vídeos, presentacións...).- Observación e intercambios orais durante as tele-xuntanzas.- Uso de TIC durante o confinamento.- Recompilación dos materiais remitidos.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Alumnado:<ul style="list-style-type: none">• Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado.- Profesorado (ferramentas de avaliación):<ul style="list-style-type: none">• Documentos de rexistro: Rexistro de datos do traballo do alumnado en carpeta dixital. Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas.• Instrumento de valoración: para valorar o desempeño do alumnado (en exposición oral, redactado, presentación dunha tarefa escrita ou virtual). <p>Valorarase o realizado na 3ª avaliación de cara a unha avaliación diagnóstica – avances realizados, atrasos producidos, dificultades detectadas- que permita obter datos cualitativos para a realización das programacións e programas de recuperación a deseñar o curso vindeiro (a finalidade é coñecer que se precisará reforzar, recuperar ou ampliar, que aprendizaxes deberán ser obxecto de tratamento no 2020/2021) . Teremos en conta o nivel de realización das tarefas, que estean o mellor realizadas posibles, atendendo ás condicións ou pautas establecidas para a súa realización polo profesorado.</p> <p>Valores acordados:</p> <ul style="list-style-type: none">Entrega de actividades ata un 25% = 5Entrega de actividades do 25% ata o 40% = 6Entrega de actividades do 50% ata o 60% = 7Entrega de actividades do 60% ata o 70% = 8Entrega de actividades do 80% ata o 90% = 9Entrega de actividades do 90% ata o 100% = 10

<p>Cualificación final</p>	<p>Os Criterios de cualificación da avaliación final ordinaria estarán baseados nos resultados acadados na primeira e na segunda avaliación, esa cualificación <i>poderá</i> verse mellorada polo resultado do traballo realizado polo alumnado na 3ª avaliación en ningún caso <i>poderá</i> verse diminuída.</p> <p>En situacións normais a avaliación final é a media das tres. Nestas condicións adaptárase e calcularase de acordo coas seguintes porcentaxes:</p> <p style="text-align: center;">50% da 1ª + 45% da 2ª + 5% da 3ª</p> <p>(Sempre que non supoña unha diminución da cualificación, senón unha mellora con respecto da media da 1º e da 2º avaliación.)</p>
<p>Alumnado con materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: Entregarase unha tarefa extraordinaria para recuperar a materia, coas condicións expostas polo profesorado.</p> <p>Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados da 1ª e 2ª avaliación e <i>poderá</i> valorarse o traballo realizado nesta 3ª avaliación.</p> <p>Procedementos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Verificación das entregas de propostas de tarefas indicadas polo profesorado - Análise das producións solicitadas ao alumnado/revisión de tarefas - Recompilación dos materiais remitidos. <p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Para alumnado: Traballos realizados polo alumnado á petición do profesorado. ➤ Para o profesorado: <ul style="list-style-type: none"> - Documentos de rexistro: Lista de control, rexistro de datos do traballo do alumnado na carpeta dixital, caderno do profesorado. Rexistro de seguimento de cada alumna e alumno, tomando nota da participación nas accións planificadas. - Instrumento de valoración: Ofrecerémolle ao alumnado con materia pendente do 1º ou 2º trimestre a oportunidade de recuperala propoñéndolle algún tipo de tarefa extra referido aos temas da 1ª e/ou 2ª avaliación. O alumnado que faga a tarefa recuperará a materia e o que non a faga manterá o suspenso.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades online da materia (rutinas de exercicio físico, busca de información, xogos, lectura e cuestionario, elaboración de vídeo/presentación/fotos, vídeos informativos, contos motores...). • Actividades de investigación, repaso e ampliación.
Metodoloxía NON PRESENCIAL	<p>Deseñaranse propostas integradas entre áreas/materias a partir dunha temática de interese (actualidade, relacionadas cos proxectos de 2º trimestre, conmemoracións,...), a globalización será a idea prioritaria e promoverase o traballo colaborativo entre o profesorado das distintas áreas e materias, como é o caso da EF.</p> <p>Realizaranse propostas que reforcen os vínculos co alumnado e as familias ademais dos sistemas de comunicación sincrónicas e asincrónicas, serán accións e propostas para o alumnado que sexan viables, sinxelas, flexibles e motivadoras para non crear desigualdades.</p> <p>O noso alumnado non é autónomo na súa aprendizaxe e precisa de acompañamento, contacto, estratexias didácticas concretas, autocontrol da concentración, interacción cara a cara, ... As accións deseñadas terán en conta as limitacións de recursos do alumnado e das súas familias. Por este motivo non consideramos a opción de realizar videoconferencias con docencia co alumnado, si a posibilidade de usar este medio para a comunicación e o mantemento de contactos.</p> <p>Para o alumnado con NEAE as propostas tentarán a inclusión nas tarefas solicitadas, con adaptacións de ser o caso, e faranse chegar individualmente naqueles casos que se requira, contando se fose preciso co apoio do DO.</p>
(Alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p><u>Alumnado con conectividade:</u> Propoñeranse actividades integradas no blog educativo. O alumnado utilizará eses medios para a devolución e entrega das mesmas. Realizaranse propostas de rutinas físicas e xogos para poder facer en familia, a modo de reforzo e ampliación da materia.</p> <p><u>Alumnado sen conectividade:</u> Co alumnado con falta de recursos dixitais tentaranse buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas ás titorías a través do móbil do centro, o WhatsApp co mesmo número, o teléfono con número privado do profesorado, ata os servizos prestados pola Casa Azul, Fundación Meniños ou a Cruz Vermella.</p>

Materiais e recursos	<p>Recursos TIC (blog, chat, tokapp, páxinas web, app, programas específicos de creación de recursos, materiais en rede,...) Teléfono, WhatsApp ((No caso de precisar falar coa especialista de ED Física as familias poñeranse en contacto co número do Centro e a especialista devolverá a chamada a través do seu teléfono persoal con número oculto). Recursos web Materiais adaptados DO Actividades conxuntas de centro</p>
-----------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Remitirase información sobre esta adaptación da programación de Educación Física do 3º trimestre ás familias a través de tokapp dende o centro indicando onde poden consultala. Esta programación é provisional e poderá modificarse ata que sexa supervisada polo servizo de Inspección Educativa.</p>
Publicidade	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>